

9 COMO SE CONSEGUIRON OS DEREITOS POLÍTICOS E SOCIAIS QUE

OBJETIVO Adquirir unha visión global do proceso revolucionario que implicaron as novas ideas liberais e o nacionalismo, e que acabou co Antigo Réxime europeo.

A limitación do poder monárquico na Inglaterra do século XVII, a Revolución americana de 1776 e as ideas ilustradas do século XVIII culminaron nas revolucións liberal-burguesas iniciadas en Francia en 1789.

A Revolución francesa inaugurou unha etapa de transformacións en Europa, na que as monarquías absolutistas foron desaparecendo para darlles paso a sistemas políticos liberais parlamentarios e á construción de Estados nacionais como única fonte de soberanía.

Así, ao longo do século XIX impúxose en Europa unha nova concepción do individuo, dos seus dereitos, da orixe do poder e do control dos gobernantes. Os seus principios ideolóxicos e políticos son a base das sociedades contemporáneas.

RELACIONA AS IDEAS

1. Que principios defendían os protagonistas da Revolución francesa? A que se opoñían? Que cambios foron os máis transcendentales?
2. Cales foron os feitos máis salientables que sucederon en Europa entre 1815 e 1848? Por que falamos de loita entre absolutismo e liberalismo?
3. Que principios ideolóxicos impulsaron os procesos de independencia e de unificación nacionais?

TIRA CONCLUSIÓN

4. Que grandes cambios políticos impulsados pola Revolución francesa coñeceu Europa no século XIX?

O INICIO: A REVOLUCIÓN FRANCESA

ANTIGO RÉXIME

- Monarquía absoluta.
- Concentración de poderes.
- Sociedade estamental.
- Desigualdade legal.
- Feudalismo: dereitos señoriais.
- Súbditos sometidos ao poder real.

A PARTIR DE 1789

- Nación soberana.
- Constitución. Separación de poderes.
- Fin dos privilexios.
- Igualdade civil.
- Cidadáns libres con dereitos.

OS PRINCIPIOS: LIBERDADE, IGUALDADE E SOBERANÍA



ABSOLUTISMO FRONTE A LIBERALISMO / NACIONALISMO

A RESTAURACIÓN DO ABSOLUTISMO

- Napoleón foi derrotado en 1815 por unha coalición de monarcas absolutos.
- Os vencedores reuníronse no Congreso de Viena, onde restauraron as monarquías absolutas e o Antigo Réxime en toda Europa.
- Entre 1815 e 1848, as forzas liberais e nacionalistas enfrontáronse aos absolutistas para impoñer os principios da Revolución francesa.



Os monarcas absolutos celebran a derrota de Napoleón, 1815.

LIBERALISMO

Tres vagas revolucionarias puxéronlle fin ao absolutismo en boa parte de Europa e crearon Estados liberais.

NACIONALISMO

Os movementos nacionalistas uníronse aos liberais para se opoñeren aos imperios e crear novos Estados nacionais.



A bandeira da nova Italia unificada, 1859.

ACABARON CO ANTIGO RÉXIME?

A REVOLUCIÓN FRANCESA

- A Revolución francesa púxolles fin á monarquía absoluta e ao feudalismo e iniciou as revolucións liberais en Europa.
- Coa proclamación dos principios de liberdade, igualdade de dereitos e soberanía nacional iniciouse o novo sistema político liberal rexido polo sufraxio, a constitución e o Parlamento.
- A Revolución desenvolveuse en tres etapas:
 - Moderada (1789-92): monarquía constitucional con sufraxio censatario.
 - Radical (1792-94): república democrática con sufraxio universal.
 - Moderada (1794-99): república conservadora con sufraxio censatario.

A EXPANSIÓN REVOLUCIONARIA

En 1799, Napoleón Bonaparte fixose co poder, consolidou algunhas das reformas revolucionarias, conquistou un grande imperio e expandiu o liberalismo por Europa.



A forza da Revolución derruba os monarcas absolutos de Europa, 1793.

O CICLO REVOLUCIONARIO LIBERAL (1820-1848)



Revolución en París, 1848.

UN NOVO MAPA DE EUROPA



- O principio de soberanía definía a nación como un conxunto de cidadáns libres, unidos por vínculos históricos, coa vontade de vivir en común e de se rexer polas mesmas leis.

- As revolucións de 1820 e 1830 supuxeron a independencia de Grecia e de Bélxica. Tras a revolución de 1848, realizáronse as unificacións de Alemaña e Italia.
- Algúns imperios, como o austrohúngaro, o ruso e mais o turco, sobreviviron á vaga revolucionaria.



Imperios e nacións en 1878